



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

A moza de onte



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL



SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

A moza de onte

*Un día cualquiera no sabes qué hora es
 Te acuestas a mi lado sin saber por qué
 Las calles mojadas te han visto crecer
 Y tú, en tu corazón estás llorando otra vez
 Me asomo a la ventana, eres **la chica de ayer**
 Jugando con las flores en mi jardín (...)*

Antonio Vega (Nacha Pop)

Mítica, verdade?

Esta icónica e inesquecible canción marcou non só a unha xeración senón tamén a un movemento e sentimento tan grande no noso país como foi a Movidá Madrileña, e en especial, no barrio de Malasaña.

E desde os anos 80 do pasado século séguese escoitando (e gozando) ano tras ano...

Compúxoala un novísimo Antonio Vega (1957-2009) nas súas viaxes entre Madrid e Valencia (onde fixo “a mill”), que nunca quixo dicir a quen lle dedicara este sensible e nostáxico tema, cualificado pola revista “*Rolling Stone*” como o segundo mellor tema do pop-rock español (tras “*Mediterráneo*”, de Joan Manuel Serrat).

E, tendo este título como arranque, imos ver a diferenza entre a muller da canción (1980), e a de hoxe, pasadas catro décadas.

Comezamos o percorrido xa superada a metade do século pasado e no período da transición política: dereitos políticos, liberación feminina, entrada no mercado de traballo, a pílula anticonceptiva, novo rol dentro da familia, papel activo na sociedade...

En 1995, nos países desenvolvidos, xa había máis mulleres universitarias que homes.

E evidenciouse o talento feminino. A muller empeza asumir roles historicamente reservados ao home. Achégase o fin do home “*provedor*” e a muller “*coidadora*” do fogar e da familia.

Pode dicirse que o XX foi o século da apertura...pero tamén dos “*dilemas*” dos roles e estereotipos (dependendo a quen lle preguntes):

- Casa - traballo
- Nai - muller
- Profesional - nai
- Guapas - floreiro vs Feas - intelixentes
- Solteiras – solteironas

Agora pasamos a “**a moza do hoxe**” → a muller lidera o futuro.

- Aproximadamente o 52 % da poboación mundial é feminina.
- A finais de 2019 Ursula von der Leyer inicia o seu mandato como primeira muller presidenta da Unión Europea.
- Soamente 10 países do mundo (dos 193) están dirixidos por mulleres, que destacan por ter un comportamento efectivo na época pandémica, demostrando rapidez de acción e empatía na toma de decisións, con bos resultados (Jacinda Ardern en Nova Celandia, Ema Solger en Noruega, Angela Merkel en Alemaña, Mette Frederikson en Dinamarca, Sara Martin en Finlandia, Vigdís Finnbogadóttir en Islandia...)
- O número de mulleres ocupadas (especialmente nos sectores con menor presenza de mulleres) serve para medir o desenvolvemento dun país.
- A OCDE identificou os beneficios do empoderamento feminino:
 - ✓ As economías crecen cando aumenta o número de mulleres no mercado de traballo.
 - ✓ Outorgar o liderado ás mulleres incrementa a eficacia organizacional
 - ✓ As empresas con máis mulleres en postos de mando son máis rendibles
 - ✓ As organizacións con mulleres en cargos de dirección xeran un beneficio bruto significativamente superior a aquelas que teñen homes neses postos.
- Evidénciase que as organizacións que non incorporen mulleres nos postos de toma de decisións teñen un alto risco de obsolescencia. Deben ter unha dirección e uns cadros de persoal que sexan un reflexo do perfil do seu “público” (clientela, administracións, provedores...).
- A muller demostrou amplamente que non descoida a calidade das súas responsabilidades profesionais
- O colectivo feminino lidera o terceiro sector, crave para o desenvolvemento sostible económico e social, presente e futuro (case 8 de cada dez son mulleres, superando o 51% dos cargos directivos).
- Se conseguimos aumentar aos niveis de Suecia o emprego feminino, a economía española crecería un 16 %.

Todo acadado?

Chegamos á igualdade real?

Pois a pesar dos datos anteriores, non.

Aínda nos queda bastante por facer. Ademais da erradicación da violencia contra a muller en todos os ámbitos, o mercado laboral ten grandes retos:

Incrementar:

- Mulleres empregadas a tempo completo
- Mulleres en postos de responsabilidade
- Participación feminina no mercado laboral

- Novas formas de traballo que contribúan á xeneralización da conciliación corresponsable

Reducir:

- Segregación ocupacional (horizontal e vertical)
- Brecha salarial
- Brecha tecnolóxica

En definitiva, aínda que se ve ás mulleres como o motor da prosperidade neste século, a discriminación da muller e a ausencia, na práctica, da igualdade co home segue sendo a eterna e histórica materia pendente.

Que as familias eduquen aos seus fillos e fillas en igualdade de dereitos e oportunidades, que a educación sexa igualitaria, que o mercado laboral aposte polo talento, independentemente de se é feminino ou masculino, que a sociedade supere os estereotipos que condicionaron a conduta humana durante millóns de anos, e que aínda prevalecen... levará tempo, pero chegará.

Coa colaboración de todos e todas, crearemos **“a moza do mañá”**.